

MISIÓN TECNOLÓGICA ANUGA FOODTEC 2022

26-29 de abril de 2022



ONE FOR ALL. ALL IN ONE.

Food Processing | Food Packaging | Safety & Analytics | Intralogistics
Digitalisation | Automation | Environment & Energy | Science & Pioneering
COLOGNE, GERMANY, 26 - 29 APRIL 2022

Special Edition!



MISIÓN TECNOLÓGICA ANUGA FOODTEC



26-29 de abril de 2022



Koelnmesse, Colonia, Alemaña



www.anugafoodtec.com

Anuga FoodTec é a feira líder de tecnoloxía da industria dos alimentos e bebidas que se celebra cada tres anos en Colonia, Alemaña. Esta feira é a única feira comercial no mundo que cobre todo o espectro da produción de alimentos, desde o procesamento ata o envasado. Para a industria global de alimentos e bebidas, Anuga FoodTec é a plataforma líder de información e aprovisionamento.

Na Anuga FoodTec, os visitantes das industrias manufactureiras poderán coñecer as innovacións e visións tecnolóxicas presentes, dende o procesamento ao envasado, ingredientes, seguridade alimentaria, dende o packaging a dixitalización e intraloxística e toda unha gama de innovacións de todas as áreas asociadas coa produción de alimentos.

Paralelamente, esta Feira ofrece a posibilidade de organizar machtmaking entre as empresas (Anuga FoodTec @home), asistir a distintos foros e workshops e participar nos puntos de encontro e visitas guiadas. Pode atopar información sobre a axenda de eventos na páxina web da feira.

Na pasada edición de 2018 esta feira contou coa participación de máis de 50.000 visitantes de 155 países diferentes e 1.657 empresas expositoras.

O Clúster Alimentario de Galicia está a organizar unha acción entre os días 26 e 29 de abril de 2022, coa visita a Feira Anuga FoodTec.

A finalidade da misión é poder coñecer as novidades e solucións innovadoras presentadas a nivel internacional no ámbito da industria alimentaria. Os asistentes poderán ver in situ as últimas innovacións e visións ligadas ao paradigma da industria 4.0, considerando que a Anuga FoodTec é a principal feira tecnolóxica do sector alimentario a nivel mundial.

Polo tanto, o interese da asistencia a esta feira débese ao claro enfoque tecnolóxico, ao amplo rango de liñas de procesamento, embalaxe e seguridade aplicables á industria de alimentación e bebidas, á importancia das empresas que participan no evento, á posibilidade de establecer relacións e contactos con diversos axentes e para coñecer as últimas tendencias e innovacións.

ANUGA FOODTEC 2022

Máis información

A misión directa do Cluster Alimentario de Galicia inclúe a xestión (viaxe, aloxamento e entradas) e o posible apoio aos custos de viaxe e aloxamento suxeitos a tramitación duna subvención por parte do IGAPE nos programas Galicia Exporta ou Foexga e a consecución do número mínimo de empresas participantes. Poderáse asemade facilitar a participación coma expositor se fose de interese.

Para inscrición ou calquera aclaración ou información adicional, poden contactar co Clusaga na caixa de correo electrónico exporta@clusaga.org, no teléfono 881 043 687 ou no seguinte formulario:

FORMULARIO DE INSCRICIÓN